

HISTÓRICO O documento máis antigo redactado na nosa lingua corresponde a 1228 e será estudado en profundidade dentro do simposio do ILG, que se celebra no Consello da Cultura Galega

O galego da duquesa de Alba

O texto, titulado 'O foro do burgo do Castro Caldelas', foi encargado por Alfonso IX, rei de León e Galicia

X. B. • Santiago

O documento máis antigo coñecido en lingua galega e feito en Galicia, datado en 1228, foi presentado onte polos responsables do Consello de Cultura Galega que destacaron ademais o seu contido histórico e lingüístico. O profesor de Sociolingüística da Universidade de Santiago de Compostela Henrique Monteagudo explicou que o texto foi divulgado en 1896 pola duquesa de Alba nun libro que recompilaba documentos do seu arquivo.

Monteagudo indicou que o texto titulado *O foro do bo burgo do Castro Caldelas*, foi encargado por Alfonso IX, rei de León e Galicia en 1228 e redactado en abril dese ano por un notario de Allariz, unha localidade considerada como "residencia temporal" desa casa real na súa estancia en territorio galego.

Segundo Monteagudo, secretario do Consello de Cultura Galega, a duquesa creu que se trataba dunha tradución ó romance doutro en latín datado en 1172 do rei Fernando II de León e Galicia.

"Esta é a clave do malentendido", dixo Monteagudo, quen puido ver persoalmente hai unha semana o documento, que se encontra actualmente nun arquivo en Madrid en moi bo estado de conservación. "A lectura que puido facer a duquesa de Alba, que non sabía galego, era



Ana Isabel Bouillon, Alfonso Zulueta de Haz, Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo durante a presentación do documento en galego máis antigo

DATOS

Entre o castelán e o portugués

Monteagudo lembrou que a título de comparación, o primeiro "texto orixinal" desas características históricas en castelán data de 1246 e en portugués o testamento de Alfonso II está datado de 1214.

meritoria pero obviamente defectuosa, e esa foi a lectura que todo o mundo reflectiu", dixo Monteagudo.

Engadiu que numerosos profesores e historiadores coñecían o documento pero "non aclararan o significado real histórico e lingüístico, algo que podemos facer agora tras ver o orixinal". Destacou a excepcionalidade dese texto non só pola súa data "temperá" senón tamén polo contido, xa que se trata do "único docu-

mento que coñecemos en galego e que sae dunha chancelaría real".

Engadiu que outro dos aspectos que "chama a atención" no texto é que na lista de "confirmantes" figuran en primeiro lugar os nobres e a continuación os relixiosos, a diferenza doutros documentos similares desa época en que a orde era ó revés.

O experto en lingua galega subliñou ademais a "regularidade verda-

deiramente abraiante" da redacción e a "ortografía sorprendentemente regular". O coordinador da Sección de Lingua indicou que o achado deste documento produciuse no marco da próxima celebración do Simposio *A emerxencia do galego escrito*, no que destacados expertos en lingua, literatura e historia farán unha revisión e actualización do florecemento das linguas romances, especialmente do galego, nos séculos XII e XIII. ●